



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE FINANCEIRA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A PARA A INSTRUMENTACIÓN DA AXUDA ECONÓMICA ÁS FAMILIAS A TRAVÉS DA TARXETA BENVIDA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social formaliza con Abanca Corporación Bancaria S.A o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 31/12/2018 ata o 31/12/2022

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre as partes para a instrumentación da axuda económica para as familias que no ano 2019 teñan, tanto por natureza como por adopción, un fillo ou unha filla ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena menor dun ano. Tamén poderán beneficiarse da axuda as galegas e galegos e os seus descendentes que se atopen en calquera dos dous supostos anteriores e, tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2019.

A instrumentación da axuda económica, na que colaborará a entidade financeira asinante do convenio, farase efectiva a través da entrega ás familias da denominada Tarxeta benvida, unha tarxeta prepago que se cargará cun total de 1.200€ durante o primeiro ano de vida no suposto do nacemento dun fillo ou filla. Nos casos de adopción ou situación de garda con fins adoptivos o dereito á percepción da axuda producirase dende o mes no que se emite a resolución administrativa ou xudicial e ata que no neno ou nena cumpra un ano.

Para o caso de aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 €, esta axuda ampliarase durante o segundo ano de vida e ata que o neno e nena cumpra os tres anos, a razón de 600 €/ano, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro; 1.200 €/ano, se é o segundo; e 2.400 €/ano, se é o terceiro ou sucesivos.

Así mesmo, as familias que obtiveran a axuda no ano 2018 e experimentaran unha variación á baixa da renda da unidade familiar ata situarse nos 22.000 € ou inferior, terán dereito a esta ampliación sempre que o comuniquen.





Esta tarxeta só poderá ser utilizada en farmacia, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social impulsa o Programa de Apoio á Natalidade (PAN) no que se recolle, entre outras actuacións, o establecemento dunha axuda económica ás familias durante o primeiro ano de vida no suposto do nacemento dun fillo ou filla, ou cando se cumpra un ano do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos, e coa que se pretende contribuír a sufragar os gastos derivados da súa crianza.

No ano 2019, ao igual que para o ano 2018, para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 €, esta axuda ampliarase durante o segundo ano de vida e ata que o neno e nena cumpran os tres anos. Así mesmo, as familias que obtiveran a axuda no ano 2018 e experimentaran unha variación á baixa da renda da unidade familiar ata situarse nos 22.000 € ou inferior, terán dereito a esta ampliación sempre que o comuniquen.

Neste sentido, é preciso un instrumento que dea soporte a esta axuda e considérase que o medio máis idóneo para facela efectiva é a través da denominada Tarxeta benvida, en cuxa xestión colaborará a entidade financeira Abanca Corporación Bancaria S.A, logo de ser seleccionada a través do procedemento de concorrência recollido na Resolución do 18 de decembro de 2018 da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, de conformidade co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos establecidos na Lei de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e para o fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

